

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ANUNCIO do 9 de xullo de 2026, da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, polo que se dá publicidade á resolución de autorización da modificación non substancial da concesión de ocupación de trece mil trescentos corenta e nove (13.349) metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a unha área recreativa nos Pasales e á realización dun acceso de mobilidade peonil amable desde Ponte Dena ao bordo costeiro, no concello de Meaño.

De conformidade co disposto no artigo 152.12 do Regulamento xeral de costas, aprobado polo Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, faise pública a Resolución da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, do 24 de novembro de 2025, pola que se outorgou a concesión da referencia, coas seguintes condicións principais:

Titular: Concello de Meaño.

Destino: establecemento dunha área recreativa nos Pasales e realización dun acceso de mobilidade peonil amable desde Ponte Dena ao bordo costeiro, promovida polo Concello de Meaño.

Superficie: 13.349 m².

Prazo: non se modifica.

Canon: exento.

Poderá consultarse a resolución completa na seguinte ligazón:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/medio-ambiente/litoral/concesions/2026/RES-PO-2025-026C.pdf>

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2026

Paula Uría Traba
Directora xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático

CVE-DOG: m98nzm18-8od9-ppv5-bkj7-faz0fya3zuu8

